

PEZA DO MES

decembro

2012



OBXECTOS DE PERFUME ROMANOS



DETALLE DO REMEXEDOR

Obxectos de perfume romanos

Dous obxectos procedentes de xacementos arqueolóxicos diferentes, pero pertencentes a un mesmo contexto cultural e complementarios desde o punto de vista funcional, constitúen a peza deste mes. Trátanse de dous fragmentos de vidro, un corresponde a un unguentario tubular e o outro a un axitador de perfume, ámbolos dous relacionados co mundo da cosmética e da fragancia.

O unguentario está formado pola parte inferior dun recipiente de base redondeada, presentando na zona superior do fragmento unha lixeira curvatura cara ao interior, non o suficientemente sinalada como para poder comprobar se se trata dun estrangulamento que permita catalogalo como Isings 8, ou polo contrario como Isings 27. Presenta unha cor azul clara, con inclusións cristalinas moi superficiais e inclusións gasosas tipo burbulla. A técnica de fabricación foi de soprado ao aire, como pon de manifesto o pequeno aplanamento da base, provocado polo contacto do soprado cunha superficie plana, deixando unha pegada de textura lixeiramente irregular.

Procede do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé, dun contexto ben documentado entre mediados do século I e mediados do II d.C., asociado a Terra Sigillata Sudgálica, cerámica tipo Clunia e de tradición castrexa e un denario de Augusto, nunha especie de vertedoiro procedente do arrasa-

mento que se fixo das estruturas altoimperiais, para construción do asentamento baixoimperial. Pezas semellantes doutros xacementos veñen confirmar que este tipo de unguentario comeza a fabricarse en época xulio-claudia, popularizándose o seu uso na segunda metade do século I d.C.

Este tipo de recipientes de vidro son, sen lugar a dúbidas, o máis coñecido no mundo romano, a miúdo mal chamados lacrimatorios, por considerar que a súa función era a de recoller as bágoas nas lamentacións, utilidade ben afastada da de contedor de produtos para o aseo, tal e como poñen de manifesto as fontes clásicas, e se documenta en diferentes representacións na plástica romana.

O outro elemento corresponde a un pequeno fragmento, que conserva a extremidade e un sector do corpo liso, conformado en espiral, aínda que con posterioridade foi pulido ao lume. Na parte superior da extremidade conserva marcas moi superficiais, nas que parece poder lerse VIX, aspecto para o que non coñecemos ningún paralelo na bibliografía especializada, nin contamos con ningunha explicación máis aló de que se poida tratar dunha marca de fabricante, ben do obradoiro do contedor como do contido. Este tipo de obxectos véñense catalogando como remexedores ou axitadores de perfumes.

Foi atopado no xacemento de Armeá, na zona da Atalaia, na escavación que realizou Francisco Conde-Valvis Fernández, na década dos 50, onde puxo ao descuberto unha serie de estruturas habitacionais organizadas a partir dunha rúa central de 47 m de longo por 3,50 de ancho. Recentemente, David Pérez López e Celso Hugo Barba Seara están procedendo a escavar de novo esta área para a súa posta en valor. O contexto arqueolóxico no que se atopa, dos séculos I-II d.C., coincide co que se coñece noutros xacementos para este tipo de pezas.

No mundo antigo, a utilización de perfumes ten un significado diferente ao que lle damos hoxe en día; a súa orixe está ligada a esixencias estéticas, pero tamén a funcións terapéuticas, polo que non resulta fácil distinguilo dos produtos farmacéuticos. Deste xeito, un número significativo de unguentarios nunha vivenda, non ten que estar necesariamente relacionado coa utilización de perfumes, senón que pode reflectir a atención aos aspectos da saúde dos seus habitantes.

A tradición mantén que foron os etruscos os responsables da introdución do uso dos perfumes en Italia, a través das colonias da Magna Grecia. O que nun principio se considerou unha necesidade ditada polas malas condicións hixiénicas, chegou a converterse nun luxo, sobre todo para as mulleres, ata o punto de ser duramente criticado tanto por razóns morais como para limitar a importación de



FRISO DA CASA DOS VETII

especies orientais. Plinio faise eco dese luxo inútil por efémero: *“É aquí un obxecto de luxo que entre todos é o mais van. En efecto, as perlas e as pedras preciosas pasan aos herdeiros, os vestidos duran no tempo: os perfumes disípanse instantaneamente e morren sen pena. O seu maior mérito reside no feito de que cando unha muller pasa deixa a súa estela ...”*.

As diferentes materias primas utilizadas na fabricación dos frascos e a súa beleza, son elementos distintivos dun perfume. Para os perfumes sensibles á acción da luz é preferible usar alabastro ou chumbo. De todas formas, a elección do recipiente depende a miúdo do perfume que se quere producir. A difusión da técnica do soprado do vidro e a produción industrial de unguentarios axudaron a expansión espacial e social dos perfumes e unguentos na época imperial.

A técnica de fabricación de perfumes era complexa e variada. Recentes achegas do campo da arqueoloxía, combinadas coa información que nos aporta a pintura da casa dos Vetti en Pompeia e a dos Cervii



DETALLE DO FRISO DA CASA DOS VETII

en Herculano, permítennos facer unha idea de cal sería o proceso.

O friso dos Vetti describe con precisión as diferentes etapas do traballo, desde a maceración das esencias ao produto final, desenvolvido no interior dunha oficina de fabricación e venda de perfumes, representados por amorciños alados.

Despois da operación de prensado procedíase á maceración do aceite, coas diferentes esencias para que absorberan o olor, en grandes recipientes metálicos que se quentaban ao baño maría. No centro pódese observar un mostrador sobre o que están libros de receitas, a balanza para as doses e un amorciño sustentando unha peza de vidro semellante ás que se atopan nas escavacións. Á esquerda, unha moza sentada colle a esencia coas dúas mans como recomenda Plinio. Esta escena demostra, entre outras consideracións, que a produción e punto de venda do produto poden darse nun mesmo espazo e que o relato corresponde a unha fabricación e venda de perfume, e non a un produto farmacéutico.

O oficio de perfumero necesitaba importantes saberes sobre as diferentes fases de fabricación do produto. A maioría eran artesáns e comerciantes de posición modesta, aos que o oficio lles permitía gozar dunha posición privilexiada no seo do medio plebeo.

No mundo romano había diferentes termos para referirse á profesión de perfumero: o mais usual, *unguentarius*, atopa a súa razón de ser no *unguento*, substancia base para o perfume. O de *thurarius* fai referencia ao comerciante de esencias, e o de *seplasiarius*, debe o seu nome a *Seplia*, unha praza de Capua onde se xuntaban os *unguentarii*, que chegou a alcanzar tal renome que se converteu en sinónimo de perfumero.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González, Manuel Xusto Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico

XUNTA
DE GALICIA